



Plan Dixital

CEIP Francisco Vales Villamarín

[Versión 1.2_ setembro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

- 15001124 CEIP Francisco Vales Villamarín – Betanzos (A Coruña)
- Rúa Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A Coruña)
- Tlfno 881880237 – Fax 881880240
- ceip.vales.villamarin@edu.xunta.gal
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin>

Total do profesorado: 69.

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	RC
13	30	4	1	2	4	7	4	2	2

E. Infantil		2º ciclo				T. 4º		T. 5º		T. 6º		T. EI		DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR NIVEIS E ETAPAS (26-07-2023)							
4º	4a	4b	4c					66													
		22	22	22																	
5º	5a	5b	5c					63													
		20	22	21																	
6º	6a	6b	6c	6d					84												
		20	22	22	20					213											
E. Primaria		1º ciclo					T. 1º		T. 2º		T. 3º		T. 4º		T. 5º		T. 6º		T. EP		TOTAL
1º	1A	1B	1C	1D	1E					102											
		20	20	20	21	21															
2º	2A	2B	2C	2D	2E					105											
		22	21	20	20	22															
3º	3A	3B	3C	3D	3E					120											
		24	24	24	24	24															
4º	4A	4B	4C	4D	4E					113											
		23	23	22	22	23															
5º	5A	5B	5C	5D	5E					119											
		24	24	24	24	23															
6º	6A	6B	6C	6D	6E					113											
		23	20	22	24	23					672	885									

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro atópase nunha vila histórica, cidade turística cun grande patrimonio arquitectónico e ecolóxico (reserva da biosfera pola cunca do Mandeo), situada xeograficamente de forma privilexiada, preto do mar e das urbes de Coruña, Sada e Miño, camiño de Santiago e centro comercial dos pobos rurais próximos. A súa poboación é de 10 000 habitantes no casco urbano e de 3 000 na parte rural. Trátase dunha cidade con actividade comercial, con actividade agrícola e de turismo e, cidade- dormitorio para grande parte da poboación que traballa en poboacións próximas. O nivel económico das familias da comunidade escolar é diverso, coma en calquera centro público semiurbano, aínda que nos últimos anos abundan familias que precisan algunha axuda económica, ademais das familias inmigrantes que Betanzos foi acollendo.

O CEIP Vales Villamarín é un centro grande, de 40 unidades, que escolariza ao alumnado da cidade de Betanzos e, en primaria, tamén aos dos concellos rurais limítrofes de Coirós e Paderne, acadando matrículas de ata 885 alumnos, coma a do presente curso; 30 unidades corresponden a Primaria e 10 a Infantil. O persoal que atende o centro é tamén numeroso: 67 docentes, 4 coidadoras escolares, 9 persoas encargadas da administración e servizos e o persoal de comedor.

As instalacións atópanse fóra do casco urbano, son veciñas do IES Francisco Aguiar e dunha oficina da Xunta. Comprenden tres bloques dentro do recinto, comunicados entre si, e outro separado. Este curso comezamos unha nova distribución, que nos permite gozar de máis espazo. No primeiro bloque, o máis antigo, Bloque A, hai dous edificios de tres plantas; no primeiro atópase a entrada principal, administración, dirección, salas de uso común (biblioteca, informática, sala de usos múltiples e comedor), ademais das aulas de 4º, 5º e 6º de Primaria, unha en cada planta, e as aulas de desdobre, Inglés e Música. No segundo bloque, sitúase 2º e 3º de Primaria, con cadansúa aula de PT, aula de Inglés e de desdobre, na primeira e segunda planta, deixando as aulas de E.F, Relixión e Plástica na planta baixa. O edificio B, que antes estaba dedicado a E. Infantil, aloxa a 1º de Primaria, coas aulas de especialidades necesarias, aula- cociña para primaria, Orientación e aulas de PT e AL. Dous patios exteriores, un patio interior e un pavillón rematan as instalación que se atopan dentro do recinto de Primaria. O edificio de Infantil, máis recente, atópase aproximadamente a medio quilómetro, seguindo a beirarrúa da estrada do Carregal e cruzando unha vía que vai para o centro de saúde. Tamén contén as aulas necesarias, despachos, biblioteca e sala de usos múltiples, ademais de cociña e comedor e patios exteriores de recreo.

Os servizos que ofrece o centro son dez liñas de transporte gratuíto para o alumnado que lle corresponde e unha liña privada para os alumnos de máis preto. Moitos alumnos usan o transporte particular e outros camiñan dende a súa casa, dada a proximidade e a accesibilidade. Tamén se ofrece servizo de comedor a un gran número de alumnado, cada ano crecente, atendido por persoal contratado para ese fin. Pola tarde, en convenio coa Asociación Concilia, desenvólense actividades Extra-escolares e deportivas, de 16:00 a 18:00 h, dentro das instalacións, atendidas polos monitores correspondentes e vixiado polo profesorado.

O alumnado distribúese dentro do centro en grupos de máis de 20 por aula. Maioritariamente, son castelán- falantes e obsérvase unha situación diglósica con respecto á lingua galega. Están escolarizados aproximadamente un 8% de alumnos nados fóra de España e procedentes, na súa maioría de países de fala hispana e con coñecemento da lingua. O número de alumnos de NEAE supón un 14 % do total, unha porcentaxe suficiente para que este plan sexa moi necesario, igual que o Plan de Atención á Diversidade. A opción de docencia de relixión católica supón a maioría.

O profesorado é, na súa meirande parte, definitivo no centro e procedente da contorna. Estrutúrase en equipos de nivel en Primaria e en ciclo en Infantil, formando así grupos de traballo coherentes nesta grande magnitude de persoal. Os distintos equipos de profesorado son moi importantes para este fin organizativo.

O Plan Dixital contribuirá ao desenvolvemento do Proxecto educativo de centro que ten como obxectivos, entre outros:

- Educar ao alumnado para que sexa capaz de valorar, respectar e integrarse na realidade sociocultural na que vive.
- Desenvolver as capacidades de autonomía, reflexión, espírito crítico, iniciativa e creatividade.
- Aumentar a práctica da metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de aprendizaxe: observación directa, experimentación, descubrimento...

Ten unha clara relación con outros Plans e Proxectos do Centro:

- Abalar desde 2012.
- E-Dixgal desde 2017.
- Robótica desde 2017.

Ademais, o Plan Dixital contribuirá ao desenvolvemento doutros Plans e Proxectos do Centro como os Contratos-Programa (CP RECUPÉRA-T, CP INCLÚE, CP INNOVA), o Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) onde sempre hai un itinerario relacionado co desenvolvemento dixital do Centro ou outros como Proxecta+, Seccións Bilingües, Fomento Uso do Galego, PLAMBE (Voluntariado, Biblioteca Inclusiva, Radio na Biblio,...), Voz Natura, Educación Responsable,...

Un dos obxectivos da PXA é, precisamente, “optimizar os recursos dixitais e ampliar progresivamente os mesmos e os seus usos, así como avanzar na dotación xeral do centro en medios e recursos audiovisuais e informáticos.”

1.1. Breve xustificación do mesmo

O presente texto realízase conforme a lexislación vixente, en concreto:

- No *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación referidos ás TIC na administración, sobre o Proxecto Educativo e sobre as competencias do director ou directora.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 na que indica que os centros realizaran o Plan Dixital segundo as instrucións previstas*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.1. Proceso de elaboración

A realización deste documento faise como unha evolución e adaptación do realizado o ano pasado. Os pasos dados para a realización deste documento son os relatados a continuación.

No albor do mesmo efectuouse unha primeira fase de recollida de información realizando no Centro o test SELFIE ao equipo directivo, profesorado e alumnado. Posteriormente lévase se a cabo o TestCDD ao profesorado. Analizada a información recollida pásase a realizar unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do Centro no eido dixital. Na terceira fase créanse os obxectivos SMART e concréntanse a accións a desenvolver. Por último dáse a forma definitiva coa concreción do Plan Dixital.

Unha vez aplicado o Plan Dixital o ano anterior recabouse información e levouse a cabo un seguemento dos obxectivos previstos ao longo do curso. Unha vez analizado o punto no que se atopaban os obxectivos, rematado o ano escolar, adoptase realizar unha modificación e/ou adaptación dos obxectivos según o observado. O resultado é o presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixital

O Centro conta cunha boa conectividade, renovada recentemente: Fibra. Rede Wifi actualizada con boa cobertura en todas as instalacións.

Todas as aulas e todos os espazos administrativos e docentes teñen conexión a Internet, algunhas por cable e wifi, e a maioría só con WIFI. Ademais, todas as aulas están dixitalizadas con portátil ou PC, proxector e Pizarra Dixital.

Hai 11 aulas E-Dixgal e unha aula de informática totalmente equipadas. Ademais de todo o equipamento E-Dixgal, hai 92 PCs de sobremesa e 18 portátiles cunha antigüidade maior de 5 anos e 2 portátiles e 4 tablets máis novos. Así mesmo, as aulas de Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria están dotadas con Paneis Dixitais en total 21 paneis.

A páxina web do colexio está actualizada e funciona correctamente así como a aula virtual. Xunto a elas, o sistema Abalarmóbil é o habitual para a comunicación coas familias.

O coordinador TIC, asume a difícil función de coordinar todo o funcionamento do equipamento dun centro tan complexo. Para a asistencia técnica e de mantemento, o colexio conta cunha empresa de Informática

- WEB do colexio: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/>
- AULAVIRTUAL: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/>
- PLAN DE CONTINXENCIA coas actuacións para o período de actividade lectiva non presencial e as medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/system/files/2.%20PLAN%20DE%20CONTINXENCIA%202021_22%20CEIP%20FRANCISCO%20VALES%20VILLAMAR%20C3%8DN.pdf

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a análise foron recabadas dende o informe SELFIE e do Test de Competencia Dixital Docente. A continuación expóñense unha concreción destes datos

Resultados das áreas do informe SELFIE

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A - Liderado	Equipo Directivo	3,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3,4
	Profesorado	2,7
	Alumnado	3,9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3,9
	Profesorado	3,1
	Alumnado	4,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,1
	Profesorado	3,7
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,1
	Profesorado	4
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4,5

Participación segundo perfil do profesorado no TestCDD

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	31	52	59,6
PROVISIONAL	4	6	66,7
INTERINO	1	3	33,3
SUBSTITUTO	6	8	75
DESPRAZADO	4	11	36,4

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	41.2	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador (B1)
PRIM	76.5	Integrador/a (B1)	77	Integrador (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	6	13
A2	17	37
B1	14	30,4
B2	8	17,4
C1	1	2,2
C2	0	0
TOTAL	46	100.00

Outras fontes:

No mes de setembro realizouse unha enquisa ás familias sobre os dispositivos TIC e conectividade nos fogares e mailo uso da aplicación AbalarMóbil.

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRA-ESTRUTURA EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Axeitado equipamento nas aulas Edixgal Boa conectividade a rede. Asistencia técnica axeitada Dispositivos para a aprendizaxe idóneos nas aulas E-Dixgal 	<ol style="list-style-type: none"> Diferenciación do equipamento/infraestrutura nas aulas de distintos niveles Distribución moi dispersa do alumnado Escasa penetración dos dispositivos para ao alumnado nos cursos non E-Dixgal Pouca dispoñibilidade de espazos libres no centro
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Implicación no DPC (Desarrollo Profesional continuo) Alto uso e coñecemento dos recursos educativos en liña e dos EVA. Comunicación coa comunidade educativa fluída Capacidade de adaptación das tecnoloxías ás necesidades do alumnado Implicación na necesidade de incorporar os recursos avaliativos dixitais 	<ol style="list-style-type: none"> Pouco feedback sobre o progreso dixital Consciencia sobre o uso da tecnoloxía Aumentar a colaboración nos distintos niveis do Centro Emprego dos EVA moi diferenciado entre niveis Colaboración interdisciplinar baixa Escaso emprego dos recursos dixitais de avaliación
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Alta implicación no DPC 	<ol style="list-style-type: none"> Distintos niveis de capacitación entre o persoal.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Conciencia dun uso seguro e responsable da tecnoloxía Capacidade de aprendizaxe das novas tecnoloxías Boa adaptación aos recursos E-dixgal 	<ol style="list-style-type: none"> Falsa sensación de seguridade no emprego dixital Excesiva confianza nas capacidades dixitais Descoñecemento das Licencias Dixitais Dificultade para resolver autonomamente problemas técnicos
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> Entenden a dixitalización do ensino coma un valor engadido necesario. 	<ol style="list-style-type: none"> Nivel de competencia dixital das familias en relación ao eido dixital
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> Radio na biblio: elaboración e difusión de pequenos podcast. Rincón Fedelleiro*(Espazo maker) 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> Boa actitude perante os novos retos dixitais Asistencia técnica axeitada. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de tempo para explorar o ensino dixital fora dos recursos do Centro Uso da aprendizaxe mixto nos niveis non-Edixgal. Uso da tecnoloxía asistencial e repositorios en liña. Necesidade de achegar o feedback do progreso e forma optimizada. Optimizar a asistencia técnica en niveis concretos Espazos físicos escasos para o desenrolo dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1. Insuficiente dotación de dispositivos dixitais nalgúns niveis
	LEXISLACIÓN	1. Implicación na necesidade do coñecemento da lexislación dixital e de LGPD	1. Escasa difusión das licencias CC na Comunidade Educativa
	CONTORNA	1. Colaboracións co Concello: equipamento, concursos e outros. 2. Colaboración con outros centros educativos da contorna (I3DI co IES As Mariñas e CEEPR Aspace)	
	ANPA	1. Implicación da comunidade educativa na Biblioteca	
	OUTRAS ENTIDADES	1. Relación fluída coas Institucións Públicas 2. Plan director. Ministerio do Interior: Ciberacoso, Internet e RRSS... 3. Plan Proxecta+	

1. Plan de Acción

1.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: C- Infraestruturas e Equipos (C2)						
OBXECTIVO 1:	Realizar un inventario coas características técnicas e software dos equipos do Centro				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de equipos inventariados segundo as características técnicas e de software					
Valor de partida:	0% do inventario de características técnicas realizado					
Valor previsto e data:	25% do material inventariado			30/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un modelo de recollida de información técnica e de software	Coordinador TIC	30/03/2024	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Cumprimentar o modelo de información creado	Representantes dos niveis do equipo TIC	30/06/2024	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear o inventario coa información recollida	Coordinador TIC	30/06/2024	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B. Colaboración e redes (B1)						
OBXECTIVO 2:	Formentar o emprego da Aula Virtual (AV) do Centro para o intercambio de información/recursos dos equipos/niveis				Acadado	
Responsable:	Coordinadores de nivel, ciclo e equipos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de cursos creados / Porcentaxe de cursos en activo					
Valor de partida:	75% / 25%					
Valor previsto e data:	100% / 50%				30/06/2024	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Organizar os cursos (espazos) na AV do Centro	Coordinador TIC e Coordinadores de Niveis e Equipos	30/03/2024	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Subir as informacións e documentación das diferentes actuacións docentes (reunións, recursos...)	Coordinador e representantes dos niveis, ciclos e equipos.	30/06/2024	Ordenador e Dispositivo móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Empregar os medios da AV para a comunicación entre docentes (Chat, foros, app Moodle...)	Coordinadores dos niveis, ciclos e equipos.	30/06/2024	Ordenador e Dispositivo móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H- Competencias dixitais do alumnado (H1)						
OBXECTIVO 3:	Proporcionar estratexias para o emprego seguro das tecnoloxías ao alumnado de 3º a 6º de EP				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e Titores/as				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actividades realizadas e completadas					
Valor de partida:	0 actividades					
Valor previsto e data:	1 actividade			30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Formar ao profesorado no uso seguro das tecnoloxías.	Coordinador TIC	31/05/24	Ordenador e Dispositivo móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Elaborar unha actividade sobre o uso seguro das tecnoloxías	Titores/as	30/06/24	Ordenador e Dispositivo móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.3: Recoller un informe de avaliación da actividade	Titores/as	30/06/24	Ordenador e Dispositivo móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

1.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Na etapa de Educación Infantil precísase dotar a aula de PT cun PC e cunha PDI, así coma unha mesa de luz. Así mesmo son necesarias 4 tablets, unha para cada nivel e outra a maiores para o uso nas aulas de PT ou AL. A súa finalidade é para traballar as Tics en aula por parte do profesorado de xeito máis individualizado co alumnado.

Na etapa da Educación Primaria é necesario actualizar as aulas de especialidades (Inglés, Relixión, Educación Física, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Música) as CPU teñen máis de 10 anos de antigüidade, xestionándose coa maqueta ABALAR, o que relantiza a tarefa docente diaria. Estas aulas, a excepción dunha, non contan con PDI. Por outra banda faise necesario actualizar os proxectores posto que aproximadamente o 50 % supera os 10 anos e non funciona de xeito óptimo. Por último, os portátiles de consulta da Biblioteca están obsoletos para as necesidades actuais do alumnado de busca e xestión de información e emprego de software educativo.

2. Avaliación do plan

A avaliación procesual do desenvolvemento do Plan e da consecución de obxectivos realizarase ao finalizar o trimestre agás que naquelas accións de obxectivo na que a súa data de fin sexa necesaria avaliar para comezar a seguinte acción. Nestas avaliacións valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A avaliación final realizarase ao finalizar o curso académico onde se valorará a evolución do Plan ao longo do curso, o logro dos obxectivos previstos e xeraranse as propostas de mellora e modificación previstas.

3. Difusión do plan

Unha vez sexa aprobado o Plan Dixital polo consello escolar, unha vez oído o claustro. Darase publicidade do mesmo á Comunidade Educativa a través da páxina web do Centro e realizando un aviso a través da aplicación móbil AbalarMóbil.